

**ACTA Nº 3 DA MESA DE CONTRATACIÓN.
CONTRATO DE OBRA “NOVA LUDOTECA E ACONDICIONAMENTO DOS ACCESOS E DO ENTORNO”.**

ASISTENTES:

Presidente:

- D. José Luis Oujo Pouso (Alcalde-Presidente).

Vogais:

- D^a. María José Maneiro Quintáns (Concelleira Delegada de Facenda).
- D^a. M^a Magdalena Pérez Millares (Concelleira Delegada de Servizos Sociais).
- D^a. M^a Mar Lirola Delgado (interventora do Concello).
- D. José Manuel González García (secretario do Concello).

Secretaria:

- D^a. M^a Pilar Sánchez Fariña (auxiliar administrativa do Concello).

HORA DE INICIO: 10:15 horas.

HORA DE REMATE: 10:25 horas.

Nas dependenzas da Alcaldía do Concello de Porto do Son, o **30 de xuño de 2016**, reúnese a Mesa de Contratación designada no procedemento para adxudicar o contrato de obra “Nova ludoteca e acondicionamento dos accesos e do entorno” (cláusula 15^a do Prego- tipo de cláusulas administrativas particulares), baixo a presidencia de D. José Luis Oujo Pouso e coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe, ao obxecto de tratar os asuntos que se indican a continuación:

ÚNICO.- Acto público de apertura dos sobres C (“Oferta económica”) presentado polos licitadores no procedemento para a contratación da obra “Nova ludoteca e acondicionamento dos accesos e do entorno”.

Non asiste ao acto público ningún representante dos empresarios licitadores.

Por indicación do Sr. presidente, o secretario do Concello procede a dar conta dos seguintes extremos:

a) Empresarios que concorreron á licitación: CYS HISPANIA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L., CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L., CONSTRUCCIONES EMI ÁLVAREZ, S.L., CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L., CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L., CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L., EXCAVACIONES YONI TUÑAS, S.L., OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L., TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS, S.L. e XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

b) Empresarios excluídos do procedemento e causas da exclusión: ningún.

c) Puntuación obtida polos empresarios na fase de valoración das “Referencias técnicas” (sobre “B”):

LICITADOR	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN				
	A	B	C	D	TOTAL
CYS HISPANIA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, SL	8,50	3,50	6,50	8,00	26,50
CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, SL	8,50	3,50	6,40	7,50	25,90
CONSTRUCCIONES EMI ÁLVAREZ, SL	2,00	0,00	0,60	0,00	2,60
CONSTRUCCIONES D. OGANDO, SL	11,20	3,80	6,30	7,80	29,10
CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL	11,00	3,80	6,00	8,40	29,20
CONSTRUCCIONES OÑIAL,SL	5,50	2,20	3,00	6,00	16,70
EXCAVACIONES YONI TUÑAS, SL	10,00	3,50	5,00	8,00	26,50
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL	10,00	3,20	4,00	7,70	24,90
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS, SL	7,50	3,00	6,30	7,50	24,30
XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	11,00	3,00	3,50	7,00	24,50

Sendo: **A:** programa de traballo; **B:** programa de actuación medioambiental; **C:** plan de control de calidade; **D:** esquema do plan de seguridade e saúde.

d) Licitadores que non acadaron na "fase 1" de valoración das proposicións a puntuación mínima (12,50 puntos) para continuar no procedemento de contratación, consonte ao previsto na cláusula 15.3 do prego de cláusulas administrativas particulares:

- CONSTRUCCIONES EMI ÁLVAREZ, S.L.: 2,60 puntos.

De seguido, procédese á apertura, por orde alfabético, do "sobre C" ("Oferta económica") das proposicións presentadas polos empresarios admitidos á licitación, resultando:

LICITADOR	CRITERIOS DE AVALIACIÓN AUTOMÁTICA			
	PREZO S/ IVE	% C. CALID int.	% C. CALID ext.	REDUC. PRAZO
CYS HISPANIA CONSTRUCCIONES Y SERV., SL	128.651,20 €	3,00	3,00	60 días
CONSTRUCCIONES FERMÍN SIMAL, SL	139.661,15 €	3,50	2,50	75 días
CONSTRUCCIONES D. OGANDO, SL	138.299,12 €	6,89	3,00	57 días
CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL	133.997,81 €	6,00	3,00	60 días
CONSTRUCCIONES OÑIAL, SL	160.000,00 €	3,00	3,00	30 días
EXCAVACIONES YONI TUÑAS, SL	139.827,27 €	3,00	3,00	30 días
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL	135.884,30 €	10,00	3,00	60 días
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS, SL	138.812,73 €	3,00	3,00	30 días
XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	143.836,36 €	1,00	3,00	39 días

Concluído o acto público de apertura do sobre B, a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA:**

Concluída a apertura do sobre C ("Oferta económica"), a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Excluir do procedemento as proposicións presentadas licitadores que non acadaron na "fase I" de valoración das proposicións a puntuación mínima (12,50 puntos) para continuar no procedemento de contratación, consonte ao previsto na cláusula 15.3 do prego de cláusulas administrativas particulares:

- CONSTRUCCIONES EMI ÁLVAREZ, S.L.: 2,60 puntos.

Segundo.- Solicitar aos servizos técnicos municipais informe de valoración dos criterios de avaliación automática "Porcentaxe de control de calidade" (interno e externo) e sobre a xustificación das ofertas de redución dos prazos presentadas polos licitadores.

Terceiro.- Proceder á valoración dos criterios de avaliación automática "Oferta económica" e "Redución dos prazos de execución", referido este derradeiro caso ás ofertas que xustificasen a redución ofrecida, empregando a aplicación informática "Programa de valoración de ofertas económicas en contratos e concursos" da Deputación Provincial da Coruña.

Porto do Son, 30 de xuño de 2016.

Presidente,

D. José Luis Oujo Pouso.

Vogal,

D.ª María José Maneiro Quintáns.

Vogal,

D.ª M.ª Magdalena Pérez Millares.

Vogal,

D.ª M.ª Mar Lirola Delgado.

Vogal,

D. José Manuel González García.

Secretaria,

D.ª M.ª Pilar Sánchez Fariña.